

DEIXAMOS AQUÍ **UN EJEMPLO DE COMENTARIO CRÍTICO** A PARTIR DUN TEXTO MOI BREVE: UNHA CARTA NUN XORNAL ONDE UN LECTOR EXPRESA A SÚA OPINIÓN. O COMENTARIO REALIZOUNO UNHA ALUMNA ANDALUZA NAS PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE DESA COMUNIDADE. PARÉCENOS INTERESANTE COMO SE APOIA EN EJEMPLOS (PORQUE LLE PARECE MÁIS CLARO EXPRESAR A SÚA OPINIÓN ASÍ OU COMA UN RECURSO PORQUE CARECE DE ARGUMENTOS DE MÁIS PESO PARA ELABORAR O COMENTARIO). ! ! ! ! ! COMENTARIO CRÍTICO ! ! Acoso escolar ! ! Estremece pensar que haxa rapaces de 13 anos que se suicidan porque algúns compañeiros seus os desprezan e acosan de maneira continua e cruel. Un preguntase que pasará polas súas cabezas mozas para chegar a unha decisión tal.

Vidas novas truncadas polo comportamento tan cruel como incomprensible doutros mozos coma eles. Estremece pensar que outros moitos sofren ese acoso en silencio, quizais durante anos, ante a incomprensión ou, simplemente, a ignorancia dos que os rodean. Non o entendo. Non direi nada sobre a educación que reciben, na súa casa ou en clase. Non ousarei censurar a pais ou docentes. Só quero dirixirme aos amigos, aos compañeiros, porque mañá podes ser ti, porque o teu silencio é cómplice. Non che pido un acto heroico, nin que te enfrontes aos acosadores; pídoche que te poñas na pel do que sofre o acoso, que te poñas de acordo con outros e que todos xuntos defendades o voso amigo ou compañeiro. Podedes acudir aos vosos pais, aos vosos mestres, podedes denunciar. E a vosoutros, acosadores, non entendedes o dano que facedes? Porque vós, dunha forma ou doutra, tamén ides pagar as consecuencias da vosa incomprensiva conduta.

! El País/Opinión/Cartas ao director. Ángel Villegas Bravo, 02/02/2017 [Adaptación] ! ! ! ! !

Cada vez é máis frecuente escoitar nos medios de comunicación casos de acoso escolar ou bullying que rematan, na maioría das veces, en suicidio. O acoso escolar vai sempre acompañado do silencio doutras persoas, que son dunha maneira ou doutra cómplices da situación. O dito silencio dá lugar a unha terrible consecuencia: a morte, unha morte producida pola irracional conduta dun ou varios abusóns, que de forma consciente ou inconsciente fan un dano irreversible. ! ! Nesta breve “Carta ao director” que publica o xornal El País un día de febreiro do ano 2017, o autor, Ángel Villegas Bravo, reflexiona, nunha linguaxe de nivel medio e nun rexistro formal, sobre as curtas vidas que se leva o acoso escolar e o silencio cómplice. Trata o tema nun ton subxectivo, e isto é visible na inclusión que realiza ao longo do texto dos seus sentimentos en oracións como “estremece pensar”, “non o entendo” e en como se dirixe directamente aos acosadores e a todos aqueles que ven, oen e calan. Nas cinco primeiras liñas reflexiona o autor sobre esta situación angustiada, sobre ese futuro truncado e sobre a duración deste problema. Nas seguintes sete liñas, non se atreve a dirixirse aos adultos, pero si aos mozos, instándoo a que denunciara, a que sexa empático con quen recibe acoso e que non sexa parte desta situación tan catastrófica. Remata o texto cunha pregunta determinante, lanzada directamente aos que acosan e unha clara sentenza: todos os actos que cometemos teñen antes ou despois unha

consecuencia. É por isto que identificamos no fragmento unha clara alusión a todos os que participan no feito de que unha persoa sexa agredida física e/ou psicolóxicamente, intentando condicionar o silencio dos compañeiros a través dunha apelación aos sentimentos. O final resulta contundente, case como unha ameaza a aqueles que resolven as diferenzas coa violencia e sempre coa intención de moderar o comportamento.!! Comparto a reflexión e as chamadas de atención do autor deste texto nun tema tan serio como é o acoso escolar, xa que resulta angustioso reflexionar acerca da cantidade de vidas que marchan por culpa deste feito. Poderíamos aproveitar para pararnos a pensar nos límites do ser humano, na profunda dor, na ferida que nunca cicatriza nunha persoa á que humillan día tras día ata que non ve outra solución máis cercana que acabar coa súa existencia. A xente que sofre estes vexames acostuman ser xente sensible que non se axusta ao modelo establecido. Observemos algúns casos, como exemplo: hai un par de meses unha moza suicidouse pola presión á que a sometían os seus compañeiros de clase. O seu delito? Tinguirse o cabelo de cores e o amor á cultura xaponesa.!! Cabe destacar que a moza cambiara de colexio e, mesmo así, o acoso non cesara. Tamén poderíamos mencionar o caso do neno que saltou pola fiestra por culpa do bullying. Os seus pais só atoparon unha carta en que dicía que era a única maneira de acabar coa dor. Hai uns meses, vin unha obra de teatro chamada Pequeño Pony que trataba precisamente o tema do acoso escolar baseándose nun caso real que sucedeu en Estados Unidos. Un neno era humillado diariamente porque a súa mochila tiña ilustracións de My little Pony, uns debuxos animados en que se tratan valores como o amor e a amizade. Os pais, preocupados polo seu fillo que ía volvéndose cada vez máis reservado, foron falar coa directiva do centro, e esta aconselloulles a compra dunha mochila nova. Simplemente, dá que pensar.!! En definitiva, deberíamos aprender a respectarnos uns aos outros, a valorar a aqueles que son diferentes e aprender deles. Deberíamos ser capaces de ver o bonito que é a diversidade e, ademais, non calar ante as inxustizas, ser valentes e empáticos porque, desta maneira, o mundo podería ser un lugar mellor. A violencia nunca é a solución, nin a morte unha opción. A palabra, o diálogo e o apoio, pola contra, si que o son.!